

Camilleri entre nós

A pensión Eva · Andrea Camilleri · Galaxia, 2006 ·
Carlos Acevedo (tradutor) · 152 páx · 14 euros


As primeiras obras de Andrea Camilleri que chegaron a España a mediados dos noventa do pasado século foron os relatos policiais protagonizados polo comisario Salvo Montalbano; os que axiña nos afeccionamos a elas descubrimos despois outras, ambientadas case todas na Italia do XIX, que confirmaron ese bo facer literario que non precisa moitas páxinas nin foguetes de artificio para fornecerlle pracer auténtico ao lector. Profesor na Escola de Arte Dramática de Roma durante moitos anos e guionista de televisión, comezou a publicar cando xa pasaba dos sesenta e o éxito, dentro e fóra de Italia e sen apenas promoción, chegoulle a raíz da primeira novela de Montalbano, nome frecuente no seu país e, asemade, homenaxe ao desaparecido Manuel Vázquez Montalbán.

Como advirte Camilleri ao remate, *A pensión Eva* non é un relato histórico nin policial, é un relato, por fortuna, incualificable no que, unha vez máis, destacan as mellores características do escritor siciliano. A coidada e excelente tradución de Carlos Acevedo facilita achegármonos a unha historia contada con aparente economía de medios e ambientada na vila de Vigàta –clásico escenario de gran parte da súa obra– en plena guerra mundial; Nenè, o protagonista, séntese engaiolado pola casa onde viven unhas mulleres que se lle antollan fadas boas dispostas a correr na súa axuda en caso de o necesitar. Será a piques de cumprir os doce cando comprenda qué acontece en realidade nesa estraña pensión á que só acoden homes a partir das seis do serán e cuxas contras case sempre permanecen pechadas á curiosidade infantil. O devezo de Nenè, desde entón, será acadar a idade legal para poder acceder a ela e gozar dos praceres que lle están vedados.

O despertar do sexo e a amizade constitúen os temas centrais arredor dos que vemos desfilar un feixe de vidas, ou anacos de vidas, cargadas de tenrura, ironía e grandes doses de humanidade; sucédense anécdotas e detalles que nos fan rir ou nos conxelan o sorriso sen que, para logralo, o autor precise máis ca unhas cantas palabras. Destacan a expresividade e plasticidade con que están trazadas as pequenas e grandes historias que van conformando a obra; a guerra, a pesar de ser o marco no que se insiren, non impide que a existencia dos protagonistas se desenvolva cunha certa normalidade e nin sequera os seus horrores parecen adquirir outro peso có dunha anécdota máis. O autor incluso se permite por veces frivolizar con ela, como cando relata o prodixio acontecido ao cabaleiro Calcedonio Lardera, un octoxenario que asiste todos os días á pensión Eva para lembrar épocas pasadas, e que sente revivir o perdido ardor sexual ao caerlle moi preto unha bomba.

Camilleri sèrvese dun narrador que observa e transmite sen caer na tentación de interpretar nin de vulgar e, a súa ollada, malia que aparenta distante, non pode ou non quere evitar comunicarnos algo moi semellante á simpatía cara aos seres que habitan a novela. Á súa escritura áxil e fluída engádeselle un fino sentido do humor que o impregna todo, mesmo as ocasións en que predomina certo patetismo.

// Uxía Casal



Destaca a plasticidade con que están trazadas as pequenas e grandes historias que conforman *A pensión Eva*